

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

PERMANENTES DO DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2009

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e dous de setembro de 2009, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 22 de agosto de 2009.

A) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior

Asistentes:

- Presidente: Dona Erundina Prado Arcay, do PSdeG-PSOE, por imposibilidade de asistencia de don José Venancio Salcines Cristal, e por delegación do Sr. alcalde.
- PSdeG-PSOE: Don Jaime Manuel López Lisnier, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor, e dona Carmen Tato Lago.
- PP: Don Felipe Andreu Barallobre, dona Mª Jesús Vieites Mariñas, por imposibilidade de asistencia de don Nicolás José Cubeiro Martínez e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP.
- BNG: Don Antón Otero Domínguez e don Henrique Xabier Iglesias Oviedo
- EU-IU: Don Luis Miguel Taibo Casás.
- GM (PG): Don Manuel Marante Gómez.

Asisten, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Isabel Mª Fuentes Torices, interventora accidental.

B) Comisión Informativa de Urbanismo, Seguridade Cidadá e Transportes

Asistentes:

- Alcalde-Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.

- PSdeG-PSOE: Dona M^a Beatriz Ramos Padín, e don Jaime Manuel López Lisnier, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor.
- PP: Don Santiago Manuel Ríos Rama, por imposibilidade de asistencia de don Nicolás José Cubeiro Martínez, don Felipe Andreu Barallobre e dona Goretti Pérez Eléxpuru.
- BNG: Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo e don Antón Otero Domínguez.
- EU-IU: Don Luis Miguel Taibo Casás.
- GM (PG): Don Manuel Marante Gómez.

C) Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos

Asistentes:

- Presidente: Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- PSdeG-PSOE: Dona Erundina Prado Arcay, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier e dona M^a Beatriz Ramos Padín.
- PP: Don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru, por imposibilidade de asistencia de don Nicolás José Cubeiro Martínez e don Felipe Andreu Barallobre.
- BNG: Dona Gumersinda Becerra Montes.
- EU-IU: Don Luis Miguel Taibo Casás.
- GM (PG): Don Manuel Marante Gómez.

D) Comisión Informativa de Educación, Deportes, Cultura, Benestar Social e Normalización Lingüística

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- PSdeG-PSOE: Dona Erundina Prado Arcay e dona Carmen Tato Lago.
- PP: Dona Goretti Pérez Eléxpuru, dona M^a Jesús González Roel e dona M^a Jesús Vieites Mariñas.

BNG: Dona Gumersinda Becerra Montes e don Antón Otero Domínguez.
EU-IU: Don Juan Antonio Fernández López.
GM (PG): Don Manuel Marante Gómez.

E) Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo

Asistentes:

Presidente: Dona Laura Fernández Martínez, do BNG.
PSdeG-PSOE: Dona Erundina Prado Arcay e dona Carmen Tato Lago.
PP: Dona M^a Jesús Vieites Mariñas, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don José Antonio Baamonde López.
BNG: Don Antón Otero Domínguez.
EU-IU: Don Juan Antonio Fernández López.
GM (PG): Don Manuel Marante Gómez.

Non asisten, con escusa, don José Venancio Salcines Cristal, titular, nin don Francisco Javier Varela Tejedor, suplente.

Asiste, como secretaria, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN,

PATRIMONIO MUNICIPAL E RÉXIME INTERIOR

1º Aprobación, se procede, da revisión das tarifas a aplicar polo concesionario do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e no Temple

Dada conta da proposta conxunta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación e Patrimonio Municipal e do concelleiro delegado da área de Educación e Deportes de data 16 de setembro de 2009.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, expón que, segundo a proposta, co informe favorable da Intervención municipal, as tarifas suben un 4%, aínda que segundo o convenio que se asinou no seu día poderían subir ata un 14%.

Dona M^a Jesús González Roel, do PP, expón que estudarán o asunto. Efectivamente están no seu dereito de subir as tarifas pero, non obstante, o seu grupo abstense.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, lembra que xa o ano pasado, ao tratar este tema, propuxo que se levara a cabo unha campaña de captación de socios, e pregunta se se fixo algo ao respecto.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que, á parte da publicidade nos paneis informativos, fíxose unha campaña en todos os colexios, mediante o reparto entre todos os escolares, dun tríptico con toda a información para que o levaran ás súas casas.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que a campaña debería levar outro sentido, non só o informativo, senón que debería ser para captar socios. Noutra orde de cousas, e aínda que os prezos de enerxía eléctrica e gas subiron, tamén lembra que se van a instalar paneis solares, polo que se reducirá o custo, e isto debe terse en conta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, contesta que non é así, pois o proxecto inicial de instalación de paneis solares previsto nun principio cambiouse por outro sistema de coxeneración, consistente no aproveitamento da combustión do gas que serve para calentar a auga da piscina, na produción de electricidade.

Don Jaime Manuel López Lisnier engade que as tarifas non suben unicamente polo aumento da enerxía eléctrica ou o gas, tamén se ten en conta o número real de usuarios das instalacións durante o ano anterior, en relación co que se tiña previsto.

Don Luis Miguel Taibo contesta que, de todas formas, tendo en conta a subida do IPC, parécelle excesivo a subida do 4%, pois se suben os demais servizos, e non se suben os soldos, a xente deixará de ir á piscina, polo que haberá que sacar o diñeiro doutro sitio. Abstéñense.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que vota en contra.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do BNG. Abstéñense os tres concelleiros do PP e o concelleiro de EU-IU. Vota en contra o concelleiro do GM (PG).

A comisión, por cinco votos a prol, acorda ditaminar favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar a revisión das tarifas a percibir polo concesionario do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e no Temple, que quedarían como se detalla a continuación:

	Outubro 2009
Abonados	
Abono Individual xeral	24,85
Abono Familiar	24,00
Cónxuxe	4,25
Fillos	4,25
Abono xóven	17,95
Abono 3ª idade e dism.	17,70
Abono matinal	17,00
Matrícula abonados	24,20
Mantemento Matrícula	12,50
Non abonados	
Entrada xeral	4,30
Entrada -18 anos	3,00
Entrada estudantes	3,00
Entrada 3ª idade	3,00
Baño libre piscinas exteriores	
1 días	2,90
1 día, -18 anos,estudantes,carné xoven, 3ªidade	2,60
Programa deportivo municipal na Barcala	
Abonados	
Natación bebés (1 día semana)	6,50
Natación escolar(1día semana)	5,20
Natación escolar(2días semana)	9,50
Natación 3ª idade (2 días semana)	9,50
Natación recuperación funcional (2 días semana)	9,50
Natación educación especial (2 días semana)	11,00
Matrícula	12,50
Non Abonados	
Natación bebés (1 día semana)	13,00
Natación escolar(1día semana)	10,40
Natación escolar(2días semana)	19,00

Natación 3ª idade (2 días semana)	19,00
Natación recuperación funcional (2 días semana)	19,00
Natación educación especial (2 días semana)	22,00
Matrícula	25,00
Programa deportivo municipal en piscinas exteriores	
Natación Iniciación Infantil	36,00
Natación Perfeccionamiento Infantil/adultos	36,00
Natación iniciación adultos	36,00
Novas actividades	
Abonados	
Fitness (2 días semana)	10,50
Fitness (3 días semana)	15,00
Fitness (5 días semana)	23,00
Sesión	2,50
Natación adultos (2 días)	10,50
Natación adultos (3 días)	14,00
Matronatación (2 días)	11,00
Aquagym (2 días)	12,50
Aquagym (3 días)	16,80
Ed. F. de Base (1 día)	8,80
Ed. F. de Base (2 día)	14,50
Non abonados	
Fitness (2 días semana)	17,70
Fitness (3 días semana)	24,60
Fitness (5 días semana)	38,00
Sesión	4,50
Natación adultos (2 días)	20,70
Natación adultos (3 días)	28,00
Matronatación (2 días)	21,80
Aquagym (2 días)	25,00
Aquagym (3 días)	33,20
Ed. F. de Base (1 día)	13,00
Ed. F. de Base (2 días)	20,80

Segundo: Comunicar a empresa Hebe Sport S.L. os acordos adoptados

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 12455 o 19 de setembro actual.

1ª Un tema que xa se ten formulado noutras ocasións, é a contratación da prestación de servizos municipais pendentes de adxudicar.

Poden informarnos da situación dos expedientes e para cando pensa o goberno resolver este tema?

Cal é a situación actual das empresas responsables dos servizos de: lacería, conservación de parques e xardíns, auga e saneamento?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, en canto ao expediente de lacería, cando estaba finalizando o proceso recibíronse escritos do Consorcio As Mariñas nos que informaban de que se estaba estudando a posibilidade de prestar o servizo para todo o consorcio. Chegáronse a elaborar prescricións técnicas para o efecto e a facer un cálculo do servizo, que foi variando. Non obstante, fai pouco preguntouse como estaba o tema, non está claro, polo que en breve se elevará o expediente para adxudicar.

En canto ao de conservación de parques e xardíns, en novembro do pasado ano designouse unha comisión para elaborar a proposta. Por diferentes motivos, nuns casos do persoal técnico que participaba na comisión, vacacións, etc., e as contratacións das obras incluídas no FEIL, o expediente quedou parado. Falou cos técnicos para que, a partir do 1 de outubro, se reúnan e se faga a proposta definitiva.

En canto ao servizo de desratización, que está vencido, está elaborado o prego para sacalo antes de que finalice o ano.

Polo que se refire ao servizo de auga e saneamento, en principio non se deu paso ningún ao respecto. O compromiso é abordalo de forma inmediata e fíxase, como obxectivo razoable, que antes de finalizar a lexislatura estará solucionada a adxudicación.

Conclúe dicindo que tamén está en estudo a contratación do mantemento dos parques infantís, á vista dos problemas existentes.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que, agora que hai un goberno máis ou menos estable, habería que solucionar estes temas. En canto ao servizo da auga recoñece que é complexo, pero haberá que resolvelo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo lembra que, cando o Concello de Arteixo fixo o procedemento, tardaron 15 meses en resolvelo. Son negociacións complicadas, non obstante, xa falou co alcalde e sacarase á maior brevidade posible.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, SEGURIDADE CIDADÁ E TRANSPORTES

1º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Rogos e preguntas

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 12454 o 16 de setembro actual.

1º A parte superior da praza Manuel Lugo no Temple, carece do máis elemental mobiliario urbano, bancos, papeleiras, etc.

Pregamos se instalen os elementos imprescindibles para o uso e goce dos veciños/as.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a praza, toda, está agora mesmo recepcionada con carácter provisional e en breve prazo farase a recepción definitiva. Cando esta entregada xa se estudará como deseñar unha mellor utilización do espazo.

Engade que unha boa parte do espazo superior coincide cunha zona de impermeabilización dos garaxes, e haberá que mirar como facelo o mellor posible.

2º Nas inmediacións da casa do concello fronte o xulgado existe un terreo que presenta un estado de deterioración e abandono considerable.

Pregamos se realicen as dilixencias oportunas para levar a cabo a súa limpeza e acondicionamento de acordo coa normativa vixente.

O Sr. alcalde contesta que é dunha familia que tiña algo que ver con Molina. Xa se tiña feito unha oferta fai tempo, sobre 8 millóns de pesetas, e parece que non estaban de acordo. Dixeron que ían ver se a limpaban eles, e senón, o comunicarían ao concello para que o fixese o concello e o aboarían eles.

3º Rematada a reforma e acondicionamento da praza Manuel Murguía e o seu contorno, observamos que a súa utilización e inadecuada, motivado no aparcamento indiscriminado de vehículos e a ocupación inaxeitada da praza, que a pesar de facerse un investimento considerable de diñeiro non se corresponde ao seu uso co fin pretendido.

Pregamos se tomen as medidas pertinentes para ordenar o uso e utilización da praza.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que como incluíron o rogo no pleno deixano para tratar no pleno.

Non se presentaron preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, DEPORTES, CULTURA,
BENESTAR SOCIAL E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

1º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, IGUALDADE E
TURISMO**

1º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas e trinta minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Economía, Facenda, Contratación,
Patrimonio Municipal e Réxime Interior
P.D.

Presidente da Comisión Informativa de
Urbanismo, Seguridade Cidadá e
Transportes

Erundina Prado Arcay

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Medio Ambiente, Obras e Servizos

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Deportes, Cultura, Benestar
Social e Normalización Lingüística

Henrique Xabier Iglesias Oviedo

Jaime Manuel López Lisnier

Presidente da Comisión Informativa de
Participación Cidadá, Igualdade e
Turismo

A secretaria xeral

Laura Fernández Martínez

Mª Luisa de la Red Ampudia